

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA CONTRATACIÓN
DAS ACTUACIÓNS DO *FESTIVAL DE MÚSICA CIDADE DE LUGO: NOTOS QUARTETT
E FRANCOIS DUMONT* POR PARTE DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E
PROMOCIÓN DA LINGUA

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de
transferencia de crédito núm. 19-2024, por un importe total de 9.680 €, dentro do vixente
orçamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se
desprenden da contratación das actuacións do *Festival de música Cidade de Lugo: Notos
Quartett e Francois Dumont* por parte do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da
Lingua e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral,
solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Considerando que nos atopamos ante unha situación específica en que en ambos
casos se trata de gasto en bens correntes ou servizos do capítulo 2 e que, ademais,
corresponde a aplicacións da mesma política de gasto, cultura, polo que non se afecta a
outras áreas ou servizos municipais e unha vez se detraiga da aplicación que cede crédito
non poderá esta volver a incrementarse vía transferencias de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado
para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 783/2024, do 30.05.2024 así
como o RCMOD núm.: RC Ref.:36744/2024 por importe de 9.680 € do 29.05.2024.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de
marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40
a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de
execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a
esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril,
reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade
de transferencia de crédito por un importe global de 9.680 € para dar cobertura ás obrigas
senaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-05-31 14:24:56.00)
CVD: mfGLZwwNEqLK7IETVxb
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 5250/2024

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac868075466552999193.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 19-2024 SEMANA DE MÚSICA

33312.22699	9.680,00	33000.22699	9.680,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	9.680,00	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	9.680,00

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.